

FUNDAMENTOS ARTÍSTICOS (55)

Contidos básicos para a realización da PAU 2026

Según o disposto no Real Decreto 243/2022 e o no Decreto 157/2022 a materia de Fundamentos Artísticos, páx. 50783 “está estruturada en torno tres eixes: por unha banda, **a análise de producións artísticas ao longo da historia e a identificación dos seus elementos constituíntes** e as claves das súas linguaxes; todo iso asociado á época ou corrente estética na que as obras foron creadas. Por outra, o coñecemento das metodoloxías, as ferramentas e os procedementos de procura, rexistro, análise, estudo e presentación de información, privilexiando o uso de recursos dixitais. Por último, **a adquisición dunha conciencia sensible e de respecto cara ao patrimonio artístico e a cultura visual**.

O obxectivo é que o alumnado poida entender a arte coma un medio de coñecemento, de análise e de expresión.”

Os obxectivos da materia “... combinan os aspectos relacionados coa evolución do concepto de arte e as súas funcións ao longo da historia coas **estratexias e métodos de análises das diferentes obras e os seus contextos**. Todo iso, ademais do estudo das creacións artísticas e a súa **comparación con outras obras de distintas épocas e culturas**, permítelle ao alumnado non só enriquecer o seu repertorio, senón tamén adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para **desenvolver unha interpretación propia da arte, aumentando dese modo a súa sensibilidade** e o seu sentido crítico. Así mesmo, permitiranlle aprender a elaborar proxectos artísticos propios, xa sexan individuais ou colectivos, de modo que poida dar forma ás súas ideas e aprenda a afrontar novos retos artísticos.”

O Grupo de Traballo de Fundamentos Artísticos propón uns Contidos Básicos que inclúen unha serie de artistas que poderán ser obxecto de análise na proba PAU. Esta proposta de artistas constituirá a base para que o alumno reflexione sobre a arte, tratando de comprender os estilos, as influencias e repercusións, para acadar unha visión ampla do mundo artístico.

CONTIDOS BÁSICOS DA MATERIA

Bloque 1. Os fundamentos da arte.

- *Tecnoloxía da arte, materiais, técnicas e procedementos.*
- *Terminoloxía específica da arte e da arquitectura.*
- *Aspectos históricos, xeográficos e sociais da arte.*
- *Teorías da arte. Definición de arte ao longo da historia e perspectiva actual.*
- *Perspectiva de xénero na arte: representacións e creacións de mulleres.*
- *Arte conceptual e arte obxecto.*

Os aspectos históricos, xeográficos e sociais nos que habita a arte son parte esencial para a súa comprensión e constitúen a base fundamental para descubrir a implicación da arte na sociedade.

A relación de artistas que inclúense a continuación son os que considéranse básicos para a realización da proba.

Os contidos deste bloque iranse introducindo transversalmente durante o desenvolvemento dos demais bloques.

Bloque 2. Visión, realidade e representación.

- *Introdución á arte precolombina e á arte africana precolonial.*
- *Sistemas de representación espacial na pintura. Da pintura primitiva á ruptura cubista.*

O Cubismo. (A influencia da arte africana precolonial).

- Pablo Picasso (1881-1973)
- Georges Braque (1882-1963)
- Juan Gris (1887-1927)
- Pablo Gargallo (1881-1934)

- *O impresionismo e posimpresionismo pictórico. O inicio da escultura moderna.*

O Impresionismo.

- Édouard Manet (1832-1883)

- Claude Monet (1840-1926)
- Camille Pissarro (1830-1903)
- Berthe Morisot (1841-1895)
- Mary Cassatt (1844-1926)

O Postimpresionismo.

- Paul Cézanne (1839-1906)
- Vincent Van Gogh (1853-1890)

Os inicios da escultura moderna.

- Auguste Rodin (1840-1917)
- Camille Claudel (1864-1943)
- *O realismo: conceptos e enfoques. O hiperrealismo.*

O Realismo.

- Gustave Courbet (1819-1877)

O Hiperrealismo.

- Antonio López García (1936-)
- *O surrealismo. Influencias posteriores na arte, o cinema e a publicidade.*

O Surrealismo.

- Salvador Dalí (1904-1989)
- Remedios Varo (1908-1963)
- Maruja Mallo (1902-1995)
- *A abstracción pictórica e escultórica: orixes e evolución.*

A abstracción pictórica.

- Vasili Kandinsky (1866-1944)

A abstracción escultórica.

- Henry Moore (1898-1986), (Introdución á arte precolombina, o Chac mool).
- Constantin Brâncuși (1876-1957)
- *Tradición e vangarda da arte galega.*

Bloque 3. A arte clásica e as súas proxeccións.

- *Introdución á arquitectura e escultura gregas. Ordes. Obras e períodos máis relevantes.*
- *O retrato escultórico na Roma Antiga.*
- *Claves da arquitectura a través das diferentes épocas e estilos: da romanización á Baixa Idade Media.*
- *O renacer da arte clásico na arquitectura, pintura e escultura: do trecento ao cinquecento.*
- *A proxección clásica na idade contemporánea: do neoclasicismo á pintura metafísica.*

A Escola Metafísica. (Introdución a arte clásica)

- Giorgio de Chirico (1888-1978)

Bloque 4. Arte e expresión.

- *O simbolismo: expresión pictórica e literaria. A irmandade prerrafaelita.*
- John Everett Millais (1829-1896)
- Dante Gabriel Rossetti (1828-1882)
- *A exaltación barroca, achegas á pintura e escultura.*

O Barroco

- *O Romanticismo e a orixe da modernidade.*

O Romanticismo.

- Francisco de Goya y Lucientes (1746-1828)
- Caspar David Friedrich (1774-1840)
- John Constable (1776-1837)
- Joseph Mallord William Turner (1775-1851)
- Théodore Géricault (1791-1824)
- Eugène Delacroix (1798-1863)
- *O Expresionismo alemán. Do fauvismo ao expresionismo figurativo do século XX.*

O Expresionismo alemán, 1945–1970.

- Der blaue Reiter, Vasili Kandinsky (1866-1944)

Nueva Objetividad:

- Otto Dix (1891-1969)
- George Grosz (1893-1959)

O Fauvismo.

- Henri Matisse (1869-1954)

O Expresionismo abstracto e figurativo.

- Jackson Pollock (1912-1956)
- Mark Rothko (1903-1970)

A Nova Figuración

- Francis Bacon (1909-1992)
- Lucian Freud (1922-2011)

- *Do rexeitamento dadaísta á arte intermedia de Fluxus.*

O Dadaísmo.

- Marcel Duchamp (1887-1968)

O Neodadaísmo e Fluxus. Do rexeitamento dadaísta á arte de Fluxus.

Bloque 5. Natureza, sociedade e comunicación na arte.

- *O modernismo. Arquitectura e artes aplicadas. A arquitectura orgánica.*

O Simbolismo: expresión pictórica e literaria. A Irmandade Prerrafaelita.

- Gustav Klimt (1862-1918)
- Gustave Moreau (1826-1898)

O Modernismo.

- Alfons Mucha (1860-1939)

O Neoplasticismo.

- Piet Mondrian (1872-1944)

A arquitectura modernista e orgánica.

- Antonio Gaudí (1852-1926)
- Victor Horta (1861-1947)
- Frank Lloyd Wright (1867-1959)

- *A Bauhaus. Arte e función. Deseño e artes aplicadas. O Art decó. Arte e artesanía. Laboratorio de formas: Sargadelos.*

O cartelismo.

- Henri de Toulouse-Lautrec (1864-1901)

A Bauhaus. Arte e función. Deseño e artes aplicadas.

Art Decó.

- Tamara de Lempicka (1898-1980)
- *A arquitectura do vidro e o ferro e o movemento moderno.*

O Movemento Moderno.

- Le Corbusier (1887-1965)
- Ludwig Mies van der Rohe (1886-1969)
- *Arte e medios de comunicación: do cartelismo ao Pop Art.*

O Pop Art.

- Andy Warhol (1928-1987)
- David Hockney (1937-)
- *A arte en pantalla: a videoarte, arte nas redes, arte dixital. A luz como elemento plástico.*

A arte en pantalla. A videoarte, arte nas redes, arte dixital.

- *Arte e ecoloxía. Do Land Art e a Arte Povera ata os nosos días.*

Arte e ecoloxía. Land Art e Arte Póvera.

- *A arte como instrumento de transformación da sociedade. Dos individualismos artísticos á arte colaborativa. Espazos urbanos e intervencións artísticas. Arte urbana.*

Arte conceptual e performance.

Bloque 6. Metodoloxías e estratexias.

- *Metodoloxías de estudo das formas, as funcións e os significados asociados aos movementos e estilos artísticos, e de análise técnica e procedemental á obra de arte.*
- *A distribución de tarefas nos proxectos artísticos colectivos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.*

- *Metodoloxía proxectual. Fases dos proxectos artísticos.*
- *Estratexias de selección de estilos, técnicas e linguaxes.*
- *Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e de aprendizaxe.*

SOBRE A PROBA

A proba constará de **4 preguntas de resposta obrigatoria**:

- A primeira cuestión de 4 puntos, competencial e de reflexión a partir da lectura dun texto e do análise dunha obra deberá responder sobre cuestións referidas o momento histórico e artístico proposto.
- A segunda cuestión de 2 puntos, de análise sobre as características estilísticas e formais da primeira obra proposta.
- A terceira cuestión de 2 puntos, de análise sobre as características estilísticas e formais da segunda obra proposta.
- A cuarta cuestión de 2 puntos, de reflexión sobre unha das obras propostas.

Para calquera dúbida a dirección de correo é: aliste@uvigo.gal

Santiago de Compostela, 15 de setembro 2025.